



**MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E PROFESORADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA103 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. CONVENIO 2018-1-ES01-KA103-047348.**

O programa arriba referido remata en maio de 2020. Polo tanto, é necesario que as bases dean cobertura a todo o período do proxecto e que establezan unhas datas de solicitude que permitan desenvolver as mobilidades durante o mesmo e que, á súa vez, respecten as necesidades organizativas dos centros e o calendario de xestión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Por outra banda, o convenio de subvención 2018-1-ES01-KA103-047348, asinado o 22.08.2018 entre o *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, incluía entre as persoas beneficiarias ao alumnado titulado nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidade nos 12 meses anteriores á fin da mobilidade que, por erro, non foi incorporado á resolución inicial.

Ademais, o 18 de setembro de 2019 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e o SEPIE asinaron unha emenda ao convenio do programa KA103 polo que se amplían as mobilidades de profesorado, que pasan a ser 5 prazas.

A finalidade desta modificación é establecer os prazos de solicitude das mobilidades do programa no ano 2020, e estender a validez das bases de solicitude a este período, facilitando o procedemento e maximizando o aproveitamento por parte do alumnado e profesorado, así como ampliar en 4 prazas as mobilidades do profesorado e engadir entre as persoas beneficiarias ao alumnado titulado nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidade nos 12 meses anteriores á fin da mobilidade.

Artigo único. Modificación da Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao superior de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA103 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus+. Convenio 2018-1-ES01-KA103-047348

A resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao superior de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA103 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus+, queda redactada como segue:



Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

<<Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas ao alumnado (49 prazas) e ao profesorado (5 prazas) de ciclos formativos de grao superior dos centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de mobilidade que ten concedido a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no marco do Programa Erasmus+, para realizar durante os anos 2019 e 2020.>>

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

<<Artigo 2. *Requisitos*

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado que estea cursando ciclos formativos de grao superior de formación profesional durante os cursos 2018-2019 e 2019-2020, nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades (vid. táboa art. 7.1), así como o profesorado que imparta os ditos ciclos, destinado nestes centros, es os alumnos titulados nos ditos centros nos 12 meses anteriores á fin da mobilidade.
2. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado e o profesorado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.>>

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

<<Artigo 5. *Presentación de solicitudes*

1. Os solicitantes que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán a solicitude normalizada, segundo o anexo desta resolución, no seu centro educativo nos prazos que o centro estableza.
2. Os/As directores/as dos centros educativos, nos que se van realizar as mobilidades de alumnado ou profesorado, enviarán a súa proposta de selección tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.
3. Os centros enviarán á Consellería a súa proposta de selección de alumnado para realizar a FCT ata o 24 de xaneiro de 2020 para mobilidades entre marzo e maio de 2020.>>